

**GALEGO-PORTUGUÉS E  
CASTELÁN NA GALIZA DO  
SÉCULO XV. RETRINCOS  
SIGNIFICATIVOS NA  
DOCUMENTACIÓN XUDICIAL  
DA COLECCIÓN DA CATEDRAL  
DE LUGO**

**XAVIER VARELA BARREIRO**

**RICARDO PICHEL GOTÉRREZ**

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela



## 1. INTRODUCCIÓN

A nivel xeral a penetración masiva do castelán na documentación da Galiza medieval non se produciu ata a última década do século xv e a primeira década do xvi. Foi consecuencia da aplicación da ideoloxía homoxeneizadora imposta de forma implacable polos Reis Católicos na implantación do novo estado centralizado. Porén nalgunhas esferas da estrutura político-administrativa adiantouse considerablemente este proceso pola importancia que en tales esferas tiña o poder rexio, abertamente favorable á priorización do castelán fronte ás outras linguas dos seus reinos, xa desde os tempos de Fernando III e, de forma moi especial, de Afonso X (Mariño 1998: 179-194; Monteagudo 1999: 127-135; Freixeiro Mato 2010).

De entre estas esferas foi a do aparato da xustiza a que desde máis antigo e con resultados máis patentes foi abrindo ese camiño e marcando a pauta que case tres séculos despois acabaría imponéndose, nesa altura xa moi aceleradamente, no conxunto dos ámbitos de escrita da sociedade galega. Neste capítulo facemos un estudo sociolingüístico demorado da presenza do galego-portugués e do castelán na documentación xudicial recollida na colección documental da catedral de Lugo no século xv (Portela 2005). Con el queremos contribuír a unha liña de pescuda que precisa moita atención e na que, malia ser inaugurada na fase inicial do desenvolvemento da moderna lingüística galega —década dos 80— e presentar un atractivo evidente, foron contadas as contribucións que desde aquela foron aparecendo. Situámonos, pois, no ronsel de traballos como os de Monteagudo (1985, 1994), Alonso Pequeno / Vázquez Bertomeu (2001) ou Cabana Outeiro (2006), centrados de preferencia na produción documental da catedral ou das terras de Santiago, e sobre todo en Lorenzo (2004), que abrangue todo o territorio e o dobre tránsito latín > romance e galego > castelán. Coa nosa achega queremos ampliar a outras terras e institucións a colleita de información elaborada e estudada que permitirá reconstruír a historia social da nosa lingua en tempos pretéritos.

## 2. A DOCUMENTACIÓN XUDICIAL (SENTENZAS)

Nos usos lingüísticos da administración e impartición da xustiza xogaban un papel fundamental no século xv —e en xeral en toda a Idade Media— a instancia e o ámbito de aplicación. Non era o mesmo que fose o rei quen a impartise a través dos organismos xudiciais ao seu dispor (a nivel xeral do reino de Castela, do reino de Galiza, dalgún bispado ou arcebispado), que fose algunha autoridade ou institución eclesiástica no seu ámbito diocesano, ou que fose algún nobre no goberno dos seus estados.

Cada ámbito xudicial dispoñía dunha estrutura de funcionamento apoiada na rede xurídico-administrativa responsable das accións e procesos propios da xustiza e estas presentaban un perfil xeográfico e lingüístico adaptado ao *modus operandi* da instancia xudicial da que formaba parte. A xustiza rexia consolidou desde moi cedo un modelo funcional lingüísticamente castelán e, no caso do reino de Galiza, favorable xeograficamente á procedencia foránea dos seus axentes. É reflexo dunha concepción endocéntrica do aparato xudicial rexio, que impón o seu modelo lingüístico ao do individuo ou colectivo que se achega a el na procura de solución ás súas demandas, preitos e litixios, sen ter en conta o principio de adaptación ás condicións sociolóxicas daqueles a quen van destinadas, despois de todo e finalmente, as resolucións e sentenzas.

Do total de documentos do noso corpus (515) son só sete as sentenzas incluídas na colección editada por M. J. Portela. Na maior parte dos casos trátase de sentenzas emanadas de instancias xudiciais de carácter civil e ámbito rexio (5), no entanto que a representación da acción xudicial eclesiástica redúcese a dúas sentenzas ditadas por xuíces das dioceses de Lugo e Santiago. Seis delas foron pronunciadas en castelán —ou polo menos foron redactadas nesa lingua polos notarios ou escribáns encargados de lles dar forma documental— e só unha foi rexistrada documentalmente —e moi probablemente tamén fose pronunciada— en galego-portugués. Como referencia permanente onde facer as comprobacións que demande a lectura e desenvolvemento do texto, presentamos nos anexos I e II e en forma de táboa os resumos das características sociolóxicas e lingüísticas principais destas sete sentenzas, que teñen en común seren resolución xudicial de litixios, preitos ou demandas entre persoas ou institucións da esfera da catedral ou da diocese de Lugo e, por tanto, serviren no seu momento de puntual instru-

mento regulador da convivencia dunha sociedade indiscutiblemente monolingüe como era, en xeral, a da Galiza medieval. No anexo I están representadas as sentenzas ditadas por xuíces do ámbito civil e no anexo II estano as ditadas por xuíces do ámbito eclesiástico.

### 2.1. Ámbito da xustiza civil (rexio)

As cinco sentenzas e os correspondentes documentos do ámbito civil, aos que nos referiremos en diante como C-1, C-2, C-3, C-4, C-5, son idiomáticamente homoxéneos e revelan a impermeabilidade ou glotofobia do aparato da xustiza civil rexia en Galiza cara á lingua da sociedade da altura. Todos os documentos, sen excepción, están redactados en castelán, nun arco cronolóxico secular completo que vai desde o inicial 1401 ata o ano 1488, datas, respectivamente, da primeira e da última sentenza da serie de cinco: C-1 (1401), C-2 (1403), C-3 (1430), C-4 (1477), C-5 (1488). A modo de primeira impresión hai que dicir que se esta mostra documental é representativa da praxe lingüística e da ideoloxía subxacente dos axentes xudiciais, é inevitable afirmar que, moito antes que calquera outro estamento ou instancia social, o mundo da xustiza foi o primeiro en abandonar a lingua propia dos galegos en favor da de Castela, convertida xa no século XIII en eixo vertebrador e uniformizador do novo reino resultante da deriva histórica dos reinos de Galiza e León, a partir da conversión do condado de Castela en novo reino con clara vocación de nuclearidade e liderado no espazo peninsular centro-occidental.

Lonxe de se estender polas terras do novo reino unificado un aparato da xustiza ao servizo das súas xentes e, polo tanto, respectuoso coa súa idiosincrasia e pluralidade lingüística, fíxoo poñendo en práctica o monolingüismo en castelán en todo o territorio e valéndose moi especialmente da elección de xuíces, notarios e escribáns alóxenos para territorios ou reinos de lingua non castelá, como era o caso de Galiza e, con resultados moito máis dramáticos, do reino asturleonés.

Máis alá da natureza dos cinco procesos xudiciais que deron pé a outras tantas sentenzas, que presentamos literalmente nas táboas C1-C5 do Anexo I, segundo os rexestos de M. J. Portela, e que non supoñen casos alleos á normalidade da xustiza operante na altura<sup>1</sup>, o verdadeiro foco de irracionalidade e contradición

<sup>1</sup> C-1: obriga de pagamento anual ao bispo de Lugo dos tributos foreiros; C-2: condena á pena capital e ao alleamento dos bens dos asasinados de Lopo de Salceda, bispo de Lugo; C-3: revogación dun mandamento

radica na desconexión entre a naturalidade e residencia das persoas incursas como parte nesas actos xudiciais e a lingua procedemental da xustiza. As sentenzas e os correspondentes documentos tiñan nelas os destinatarios. Todas elas, sen excepción, formaban parte dalgunha das redes da sociedade diocesana luguesa e no canto de producir e lles entregar a documentación na súa lingua, a galego-portuguesa, para así poderen entendela con exactitude e plena comprensión, estaban obrigados a aceptar a imposición do castelán como lingua documental única e pagar o tributo dunha posible deficiencia na comprensión das estipulacións.

As persoas xurídicas que acoden como parte nos cinco documentos presentan na súa gran maioría un perfil lingüístico de inequívoca asociación á praxe lingüística galego-portuguesa. O seu carácter popular permite presumir unha situación de monolingüismo para os colectivos de moradores de coutos e lugares afectados pola sentenza de C-1 (“os moradores e pobladores dos coutos de Lugo deste cabo el agoa, de la otra parte”), C-4 (“todos los pobladores et moradores del dicho coto de Costante”) e C-5 (“vezinos et moradores en sus Cotos de Mera, Fargoos et Servian et Camara et Saa et Santalla et Coutos et tierra de Pallares”).

É pouco discutible a postulación de idéntica condición lingüística para o conxunto de lugueses de distinto perfil socioprofesional e condición burguesa declarados autores da morte do bispo Lopo de Salceda (†1403) e condenados por iso á pena capital en C-2 (“Rodrigo Olives, et Rodrigo Chavra, et Gomes Peres, alfayate, et Afonso de Pollido, et Rodrigo de la Carreira, et Arias Nunes, correeyro, et Afonso de Robra, et Pedro de Robra, et Afonso Peres de Ramamadera et su fijo, et Fernant Afonso, yerno de Juan Rodrigues, mercador, et Pedro Alvares, omes del juez, et Fernant Luengo, pelliteyro, et Ruy Corton, et Ruy Fernandes, yerno de Fernant Çarrellas, que fueron ayudadores et defensores et partiçipes de la muerte del dicho señor Obispo con los principales feridores et matadores”).

Para outros colectivos figurantes como parte nestes documentos non é preciso situarse no terreo dos supostos ou presuncións improbables, pois a propia colección documental da catedral de Lugo achega datos precisos que permiten deducir para eles de forma inequívoca un comportamento nos usos lingüísticos de plena fidelidade á súa lingua. En 1430 o cabido, que xuntamente co bispo e beneficiados

---

de Afonso de Castro, señor de Castroverde e Luaces; **C-4**: exención do pagamento de tributos distintos da alcabala ao rei dos moradores do couto de Costante [Guntín]; **C-5**: obriga para os moradores dalgúns coutos da diocese de Lugo de poñer á disposición do bispo os seus animais para o transporte do seu viño).

da Igrexa de Lugo, así como cos moradores das terras de Castroverde e Luaces, reclama e obtén sentenza favorable á revogación dos mandatos de Afonso de Castro en C-3, non fai outra cousa que aplicar o mesmo principio de observancia escrupulosa do respecto ao uso da lingua propia comprobable nos anos do papado de Fernando de Palacios (1418-1434). Neses 16 anos emanan do cabido da catedral de Lugo 48 documentos, todos eles escritos en galego-portugués. Idéntico comportamento obsérvase no cabido ao longo de todo o século xv. Dos 237 documentos saídos do seu escritorio só 6 teñen como lingua o castelán e neses seis hai que distinguir tres grupos, dos cales só o último pode ser aducido, previamente á súa análise demorada, como mostra dun uso do castelán non determinado por condicionamentos externos reais evidentes (xeográfico-territoriais ou sociolóxicos):

a) catro documentos consisten en contratos de foro ou arrendamento a persoas de terras bercianas que, como parecen indicar estes datos, debían estar xa fortemente castelanizadas (o cóengo “Maçi Alfonso de Valvoa” nos documentos 1304 (1479) e 1305 (1479) e “Alvaro de Valcarcel”, da Veiga de Valcarcel, nos documentos 1384 (1492) e 1385 (1492)). Neste caso compróbase que no seu proceder o cabido actuaba razoablemente adaptando lingüísticamente a súa produción documental aos seus destinatarios;

b) nun documento de 1447 o cabido fai concambia dunhas propiedades co bispo (García de Bamonde) (doc. nº 1074) e nel é a participación da dignidade episcopal a que motivou, seguramente, a escolla do castelán, non tanto por o bispo descoñecer o galego-portugués, pois era natural de Mondoñedo, como por ceder ou facer o cabido concesión a algúns e esporádicos usos lingüísticos episcopais, menos refractarios ao castelán. Malia a súa orixe galega e a ocupación doutras mitras episcopais galegas como Tui ou Ourense, un terzo da produción documental deste bispo está redactada en castelán (14 documentos en castelán e 28 en galego-portugués). O escaso coñecemento do castelán polo notario redactor do documento (“Pedro Afonso, canonigo et notario publico da dita çiudade et obispado de Lugo por lo senior Obispo et iglesia desse lugar”) tradúcese nunha lingua altamente hibridada que denota nel claramente unha fondo lingüístico galego-portugués que sae á superficie en moitas ocasións imponéndose ás estruturas lingüísticas puras esperables da súa intencionalidade castelá<sup>2</sup>. Dos 38 docu-

<sup>2</sup> A listaxe e a nómina categorial de galego-portuguesismos son moi amplas e falan por si das dificultades do notario co uso do castelán por ter nesa lingua competencia moi escasa:

mentos deste notario incluídos na colección documental de M. J. Portela este é o único que non está en galego-portugués.

c) no documento restante, de 1478 (nº 1281 da colección), concítanse unhas circunstancias abertamente favorables ao emprego da lingua propia, mais que non foron abundas para impedir a escolla do castelán. Os participantes no acto xurídico son do ámbito inmediato ou do propio cabido lucense: o deán, o cabido e, como procurador de ambos, “Lopo Ares de Liz”, presumiblemente orixinario da aldea dese nome na freguesía de Santiago de Gomelle (concello de Guntín). A acción consiste na recuperación da posesión do “prestamo canonizable de Gomelle con sus fructos et rentas et derechos et cosas a el debidas et perteneçientes”, mantida irregularmente ata ese momento por “Pedro de Mathei, clerigo de Santiago de Entrambas Agoas”, o que nos sitúa igualmente no mesmo espazo de inmediatez xeográfica a Lugo, pois Santiago de Entrambasaguas é outra freguesía do concello de Guntín. Por último, o notario que escribe (“Ruy Diaz de Freixo, clerigo da diocesis de Lugo, notario publico por la autoridade apostolica”), tamén é de adscrición xeográfica luguesa e, por tanto, de esperable posición de lealdade lingüística. A suma destas circunstancias en ningún caso supoñían

---

(1) noso señor; (2) coutos de Lugo; (3) do dito señor Rey do dito pleito; (4) o dito Obispo; (5) et a sentencia o sentencias que entre ellos dese que a chegase e fesese chegar a devida execucion, para o qual todo el dicho Rey deu seu poder comprido; (6) contra seus beens; (7) mandou logo; (8) en sua ausencia e rebeldia; (9) et as veeria e libreria segundo que achase por derecho; (10) a qual carta de emplasmiento fue dada al dicho Gonzalvo Fernandes; (11) la sobredicha carta de emplasmiento que el dicho doctor diera al dicho su procurador; (12) En todo o qual testimonio e demanda presentada o dito Gonzalvo Fernandes pedio; (13) la demanda posta por parte del dicho señor Obispo; (14) los moradores das ditas figresias; (15) por ende que fique a salvo a o dito Obispo, o a seu procurador en seu nome, de demandaren a os ditos moradores en as ditas figresias os ditos maravedis e otras cousas se las pagou para a quien los juises que de dereito for; (16) Et desto dey ende esta mi carta de sentencia; (17) A qual sentencia dada et liuda o dito Johan Afonso en nome do dito señor Obispo diso que consentia e rezebia juiso, et o dito Lopo Lopes diso que el por si et en nome das ditas figresias, de que diso que era procurador, que non consentia et que apellaba dela para a merçed do dito señor Rey, asigne termino al dicho Ruy Fernandes de Viña para que pareciese ante mi para decir se avia poder de los sobredichos, o se quería decir alguna cosa de su derecho en nombre delos; (18) et que pendiente a dita apellaçion que ponya a si e todos seus benes e dos sobreditos sub guarda e defendemiento e merced do dito señor Rey et dos sobreditos para ante quien apellava, et que pedía a o dito alcalde que a reverencia do dito señor Rey et dos sobreditos para ante quien apellava que lle dese e outorgase a dita apellacion; (19) e se lla dar e outorgar non quisiese que protestava de a tomar por notario por manera de testimonio ou de protestacion qual mas de dereito devese. Et o dito alcalde diso que seendolle a dita apellacion requerida en o tiempo que devia et como devia et por quien cierto poder ovese dos sobreditos que daría a ela su resposta; (20) Dada en a dita villa da Cruña, e dia quarta feira vinte e cinco dias de febrero, ano do nacemento de nuestro Señor Jhesu Christo de mill e quatrocientos e hun anos.



situación desfavorable ao emprego da lingua propia, pois nin os destinatarios do documento nin o seu *scriptor* demandaban o cambio do código lingüístico habitual. Cal puido ser, pois, o motivo de tal mudanza? Sospeitamos que a identidade do notario e a súa praxe lingüística habitual poderían ser un indicio pertinente; porén o certo é que “Ruy Dias de Freixo” non comparece en máis documentos da colección cos que facer a desexable comparación<sup>3</sup>. Hai que dirixir a mirada a outros elementos do documento que poidan explicar esta anomalía idiomática. Entre eles destaca, por ser moi significativa, a invocación por parte do procurador do cabido Lopo Ares de Liz a unha bula do papa Sixto (na altura era papa Sixto IV (1471-1484)) como elemento probatorio da posesión do préstamo de Gomelle polo cabido de Lugo. O valor probatorio da bula demandaba o seu traslado no documento e en lugar de proceder a tal traslado o que se fai é encher a parte central do documento co relato dunha escena sorprendente que garda máis semellanza cos recursos creativos da literatura ficcional que co rigor propio da prosa documental. A lectura do relato abonda para situar este documento no terreo da práctica falsificatoria, tan común na nosa tradición antiga. No canto de acudir a fontes probatorias lóxicas e directas, como a documentación capitular ou episcopal, invócase a figura do papa a través dunha suposta bula, coa pretensión de levar a proba ao seu grao de suprema autoridade:

et presentou et por min dito notario leer fezo ante o dito Pedro de Nathey una bulla apostolica del nuestro muy sancto padre Sisto, Papa [...] et proçesso sobre ella fulminado, por los quales dicha bulla et proçesso paresçia et paresçio el dicho prestamo canonizable de Gomeele con sus fructos et rentas et derechos et cosas a el debidas et perteneçientes

3 A ampliación ao conxunto da produción documental tardomedieval do CGPA reporta, tamén en Lugo e no ámbito eclesiástico, un “Gonçaluo Diaz de Freixo, notario publico por las autoridades apofitoljca τ ordinarja do señor obifpo de Lugo τ iglleja defe lugar” que subscribe un foro en 1502 (Maia 1996: 126-127 [doc. 51]). Que un apareza como “Ruy” e o outro como “Gonçaluo” pode significar simplemente que se trata de persoas distintas, pero pensamos que esta diverxencia pódese deber a un deficiente desenvolvemento de unidades braquigráficas ou a unha incorrecta interpretación dunha maiúscula inicial por parte de calquera das dúas editoras mencionadas. Só a comprobación directa nos manuscritos resolverá a dúbida, sendo o signo notarial outro dos elementos que haxa que ter en conta. No entanto, o certo é que unha distancia de 28 anos entre un e outro documento fai verosímil unha mesma autoría para eses dous documentos ou polo menos non a contradí abertamente. E postos nesta hipótese o que comprobamos é que, aínda sendo de tan avanzada cronoloxía, o foro de 1502 está redactado integramente en galego-portugués e é razoable pensar que así como nesa altura “Gonçaluo Diaz” permanecía adscrito a unha praxe lingüística de fidelidade ao seu idioma, con maior motivo o estaría, se é certa a identidade común con “Ruy Diaz”, en décadas pasadas nas que aínda non se fixera tan patente a substitución lingüística a nivel xeral no notariado.

seer unido, ajuntado et anexado a la mesa capitular del dicho cabildo por la autoridad apostolica, por renunçiaçion que del avia fecho para que se fezese la dicha union Diego Vasques, canonigo et prestameiro et poseedor ultimo que del dicho prestamo fue, ou en outra qualquier maneira que el estevese vaco.

O relato complétase coa aceptación do cambio de posesión pola parte contraria ("Pedro de Matey") mediante un rito poucas veces documentado<sup>4</sup> e, en todo caso, de forma moito menos teatral na súa posta en escena e xestualización:

Et logo el dito Pedro de Matey tomo las dicha bullas et proçeso en sus manos et beijolas et posolas sobre su cabeça et corona et dixo que veendolos non seeren rasos, nin cancellados, nin [en alguna] parte sospeitosos ante de todo viçio et suspiçion caresçendo, segun que por en [...] paresçia, que los obedesçia et obedesçio como a letras apostolicas con aquela humildat et reverencia que debia et en [...]dolas et lo por el dicho Lopo Ares a el requerido, en nonbre de los dichos senores dean et cabildo, lo tomo logo por la mano et lo introduxo et meteo dentro en la dicha iglesia, que es la cabeça del dicho prestamo, et lle entrego las llaves, vestimentas, caleçes et cruces et ornamentos della en nonbre et tradiçion de possession et tangendo la canpana, segun costumbre del dicho obispado, et diso que asi lo poyna et apoderaba, poso et apodero en a posison real et actual vel quasi de todo el dicho prestamo, en nombre del dicho cabildo, et al dicho cabildo en persona del dicho su procurador.

A atmosfera falsificatoria parece confirmala a presenza na parte testifical do documento de testemuñas con apelido de alto valor liñaxístico mais sen xustificación xeográfica nin cronolóxica ("Diego Andrade" e "Alvaro de Andrade"), ou de testemuñas que, como sucede no caso das dúas anteriores, só figuran neste

---

<sup>4</sup> O exemplo que presenta máis silimitudes é o dunha anexión de posesións á mesa capitular da catedral de Mondoñedo (Foz-1456), editado por Cal Pardo (1999: 286 [doc. 153]):

paresçeu ende personalmente Vasco da Xeixas canonigo enna iglesia de Mondonedo en nomme et commo procurador dos sennores et cabildo da iglesia de Mondonedo et diso que por quanto hua meatade sen cura de dita iglesia de Santiago de Foz era et fora hunida aa mesa capitular do dito (cabildo) por renunçiaçion que dela fissera Garçia Osorio clerigo vltimo poseedor que dela fora et por vertude de hua bulla apostolica et proçeso de hunion et et anexaçon sobre ela fulminado *tomaua et tomou por los libros et vestimenta et calis et outros ornamentos que achou na dita iglesia et por canpaa tangida a posison uel quasi real actual et corporal da dita meatade sen cura do dito beneficio en nomme do dito cabildo para el et sua mesa capitular* asi vacante et anexo segund dito he con todos os desemos fructos et rendas et outras quaesquer eclesiasticas dereyturas aa dita meatade sen cura da dita iglesia et ao dito beneficio perteesçentes. (*apud* CGPA).

documento en toda a colección da catedral de Lugo ou que non comparecen ningunha outra ocasión durante toda a Idade Media ("Gomes Ares de Bretanil", "Nuno de Bervetouros" e "Roy de Gradon"), polo que é razoable pensar que poidan ser produto de fabulación:

Que foron presentes: Diego Andrade, et Alvaro de Andrade, seu hirmao, escudeyros; et Gomes Ares de Bretanil, et Nuno de Bervetouros, et Roy de Gradon, et outros.

Concluímos que o documento ben podería ser unha burda falsificación e que, por tanto, non debe computar en ningún inventario representativo dos usos lingüísticos do cabido da catedral de Lugo no século xv mentres non se aclare definitivamente a súa autenticidade ou falsidade.

De forma resumida, podemos dicir que a actitude lingüística do cabido estaba norteadada polo monolingüismo e, en consecuencia, a súa presenza como parte nos procesos xudiciais só podía levantar expectativas lingüísticas galego-portuguesas.

Os intervenientes individuais nas cinco sentenzas presentan perfís sociolóxicos cun elemento común e outro diferencial. Teñen en común gozaren de prestixio público e alta posición social e diverxen no seu ámbito de implantación na sociedade. Do estamento eclesiástico son tres bispos (Lopo de Salceda: C-1; Fernando de Palacios: C-3; Alfonso Enríquez de Lemos: C-5) e da sociedade civil é Afonso de Castro, señor de Castroverde e Luaces (C-3).

O bispo Lopo de Salceda (1390-1403), orixinario probablemente das Vascongadas e anteriormente bispo da diocese italiana de Faenza (1378-1390), tivo a peor das fortunas ao ser asasinado, como vimos anteriormente, por 18 fregueses descontentos cos moitos alleamentos, aforamentos desfavorables e tributos de dubidosa legalidade cos que castigou a moitos dos seus súbditos e á propia igrexa de Lugo. O revogamento de moitos deses foros polo novo bispo despois da súa morte, levado a cabo por orde do rei Juan I, parecen confirmar a ilegalidade de tales accións. A colección documental manexada non nos permite unha aproximación detallada aos seus usos lingüísticos na documentación emanada do seu escritorio no período considerado, pois hai un único documento episcopal catrocentista do seu papado. O carácter foráneo do bispo non era impedimento para a utilización da lingua propia e por iso —e porque era maior o peso da tradición da institución que a praxe particular do bispo— o documento está redactado en galego-portugués. E tamén o están os outros dous presentes na colección documen-

tal do século XIV, á que acudimos para completar o inventario da documentación episcopal do seu papado en Lugo (un de 1395 [nº 889], redactado en Lugo, e outro de 1399 [nº 892], redactado en Ribas Altas-Monforte). A súa presenza na sentenza como parte litigante e como destinatario dela xeraba, como no caso dos colectivos anteriormente mencionados, unhas expectativas inequivocamente favorables ao galego-portugués.

O bispo Fernando de Palacios (1418-1434), tamén de orixe foránea (Jaén) e dilatada presenza en lugares como Bologna (estudos), Roma (referendario do Sumo Pontífice), Segovia (deán) ou Aragón (oidor no Consello do rei don Fernando de Aragón), é un dos que García Conde / López Valcárcel denominan «irresidentes» (1991: 253). A ausencia de Lugo é a causa de que non figure na colección documental documento ningún da súa autoría directa, polo que non sabemos cal sería a súa actitude ante a disxuntiva lingüística galego-portugués / castelán. Podémola deducir da actuación do vigairo que nomeou para o representar na administración episcopal, tamén foráneo como el e orixinario da mesma terra do bispo: Juan Ruiz de Baeza (Jaén), arcediogo de Grao (Oviedo). Ningún dos 15 documentos da súa autoría (1419-1434) están escritos en castelán, seguramente a súa lingua materna e oral, como tamén o era do bispo do que era vigairo. Parece evidente que nesta altura aínda se impoñía na diocese de Lugo a tradición da institución (a igrexa, o bispo e o cabido) ás peculiaridades contrarias a ela que puidesen presentar persoas de procedencia foránea como o bispo Fernando de Palacios ou o vigairo Juan Ruiz de Baeza. Este último encarna moi singularmente a adaptación plena a este modelo de inmersión pois, como veremos máis adiante, é el o único xuíz do que emana unha sentenza redactada en galego-portugués en toda a colección documental catrocentista.

Ben distinta é a posición adoptada por Alfonso Enríquez de Lemos (1476-1495) á fronte do bispado lucense. Non foi a súa unha actitude absentista e nos 19 anos do seu papado xerouse case máis da metade da documentación episcopal do século XV (101 dun total de 176). Pertencía a unha das liñaxes máis ilustres e poderosas do reino de Castela e, desde logo, á máis importante do reino de Galiza. Os Enríquez, de procedencia leonesa, ostentaron os señoríos de Cabrera e Ribera e, unidos por lazos matrimoniais cos Osorio acabaron, xa como Osorios, converténdose nos primeiros condes hereditarios de Lemos (1456), o seu outro gran señorío, e reunindo nos seus dominios vilas como Monforte, Sarria, Chantada,

Castro Caldelas, Vilafranca e Poferrada, así como fortalezas tales que Balboa, Moeche, Manzaneda, Corullón, Serracín e Cornatel. Precisamente Alfonso Enríquez era irmán de Pedro Álvarez Osorio, o primeiro conde hereditario de Lemos, cuxo señorío alcanzara grazas ao seu matrimonio con Beatriz de Castro (1433), e que sumaba a estes o título de pertigueiro maior da terra de Santiago. Como magnates da sociedade do seu tempo, membros desta familia acapararon tamén altos cargos e dignidades eclesiásticas, tal é o caso do noso Alfonso Enríquez Osorio, como bispo de Lugo, e do seu irmán García Enríquez Osorio como bispo de Oviedo (1441) e arcebispo de Sevilla (1442-1448).

A chegada de Alfonso Enríquez á sé episcopal lucense supón a primeira creba real, e tamén definitiva, do compromiso desta sé coa lingua da súa tradición escrita poslatina. Ningún dos 99 documentos da súa autoría directa está redactado en galego-portugués, consecuencia, sen dúbida, da firmeza coa que quixo impoñer na área episcopal da catedral o que debía ser desde sempre a conduta idiomática dunha familia que nunca abandonou as súas orixes lingüísticas castelás e que, pola súa grandeza, no canto de adaptarse aos contextos alleos conseguiu asimilar os contextos a si mesma.

Poderíase tomar como excepción parcial a presenza do galego-portugués nun documento aparentemente de coautoría deste bispo e do cabido. Trátase dun contrato do ano 1482 no que o cabido afora a dous irmáns da Veiga de Valcárcel os bens que posúe a mesa capitular en Vilafranca «en uno con el reverendo señor Alfonso Enriques por la graçia de Deus et da Santa iglesia de Roma, Obispo da dita iglesia de Lugo et seu obispado». Mais o certo é que a mención do bispo non é a título de aforador senón de simple asistente ao encontro que dá orixe ao documento «en noso cabildo dentro en a Capela de San Vartolameu», como despois se confirma na parte final do documento, na que xa só se menciona o cabido como outorgante: «Et nos, o dito cabildo, asy vos outorgamos o dito foro por los modos, maneiras et condiçoes sobreditas, et obligamos os bees do dito cabildo de vos defender a dereito con o dito foro». En suma, o período deste papado foi completamente refractario ao uso da lingua propia na documentación episcopal. Mais a penetración do castelán xa comezara con anterioridade, de forma moderada no papado de Álvaro Pérez de Osorio —tío de Alfonso Enríquez— e máis abertamente no papado de García de Bamonde, a quen, por outra parte, corresponde o último documento da autoría directa do bispo en lingua galego-portuguesa do

escritorio episcopal lucense entre os contidos na colección de M. J. Portela<sup>5</sup>. Nel García de Bamonde dá, no ano 1447, o seu «poder complido et abastante» ao arcediogo de Triascastela e vigairo seu, «Gonçalvo Peres de Carvallido», para que poida «aver, coller et recabdar todos los dineyros et maravedis et pan et vino et carne et foros et trebutos et outras quaesquer dereituras que a nos son ou foren devidas et nos perteesçen ou perteesçeren en qualquer maneira et por qualquer rason, agora a o presente o de aqui endeante, por rason da dita nosa dignidade obispal». A partir deste ano só os vigaíros promoverán o uso do galego-portugués na documentación emanada do escritorio episcopal.

Da parte do estamento episcopal pódese dicir que, tocante ao seu posicionamento lingüístico e independentemente da precedencia xeográfica do bispo, ofreceu ao aparato da xustiza unha imaxe de monolingüismo continuado ao longo do século, coa lagoa xa sinalada do papado de Alfonso Enríquez de Lemos nas décadas finais.

Do lado dos intervinientes individuais da sociedade civil, tamén de condición social elevada, temos a figura de Afonso de Castro, señor de Castroverde e Luaces (Pol). Formaba parte dunha das liñaxes máis poderosas da Galiza da altura. Era neto de Pedro Fernández de Castro, o da Guerra, e fillo segundoxénito de Alvar Pérez/Pires de Castro, que alcanzou na sociedade portuguesa as máis altas dignidades, tales como a de primeiro conde de Arraiolos, primeiro condestable de Portugal e alcalde de Lisboa; por parte materna era fillo da condesa María Ponce de León. Nas súas relacións de parentesco próximo estaba a mesma Inés de Castro «Colo de Garza» e «Raíña despois de morta», da que era sobriño, como tamén o era de Fernando de Castro, señor de Lemos, Gran Privado de Pedro I e medio irmán de seu pai.

Como membro da nobreza principal de mediados do século xv cabe supoñer nel familiaridade co castelán, lingua exclusiva de varias das ponlas da súa familia. Ao par e dentro desa mesma familia o seu núcleo máis inmediato debía de ser, quizais, o único que vivía nunha atmosfera lingüística galego-portuguesa: seu

---

<sup>5</sup> Unha boa parte da documentación episcopal do papado de García de Bamonde é da autoría dos seus vigaíros. Na documentación da súa autoría persoal nótase unha clarísima predilección polo castelán, presente en 14 documentos fronte aos só tres en galego-portugués. Nesta preferencia tivo moito que ver, sen dúbida, o seu carácter irresidente, pois permaneceu case permanentemente nas Cortes de Juan II (como presidente do Consello) e de Enrique IV. De feito, unha boa parte dos documentos da súa autoría particular foron redactados en Valladolid.

pai (Alvar Pérez/Pires de Castro) e seu irmán Pedro en Portugal, e el, xunto cos seus fillos, en terras interiores e profundamente galegas como Lugo, Castroverde e Luaces. Mais isto non deixa de ser pura especulación pola nosa parte, pois non temos evidencias de cal puido ser a súa lingua vehicular. Non dispoñemos de documentación da súa autoría e a única na que figura en calidade de non autoría é a propia documentación do corpus que manexamos. Nela figura, ademais da sentenza do documento C-3, un foro que o cabido da catedral de Lugo lle fai a el á súa dona (María Ramírez de Guzmán) na cidade de Lugo o ano 1426 (doc. 1008 da colección). O obxecto de aforamento é «huna cortina, que iaz en esta çiudade de Lugo, que he da dita amistraçon de janeyro, et ias açerca do muro da dita çiudade, et topa de huna yllarga en as casas en que vos, o dito don Afonso, ora morades, et da outra yllarga en as barreiras do Castelo de Lugo, et de fronte topa en a antiga das Cortinas de San Romao; et tanben vos damos et aforamos a vos et a a dita vosa muller et persoa, a casa et forno con sua camara que esta junto con as ditas casas en que morades, que cobreu et reparou Juan de Laredo, que son dos aniversarios da dita iglesia de Lugo». A súa dignidade social denóttaa claramente o tratamento de «don-dona» dispensado tanto a el («vos don Afonso de Castro») como á súa esposa («vosa muller, dona Maria»). Se poñemos en relación tan alta condición social, a escolla do galego-portugués como lingua polo cabido e a praxe deste ao longo do século xv, podemos deducir que, dado que o cabido usaba nalgunhas ocasións o castelán na súa relación documental con algúns grupos sociais (o bispo) ou xeográficos (as xentes do Berzo), mesmo aínda que non fosen de condición elevada, a escolla do galego-portugués como lingua do foro outorgado a Afonso de Castro é un indicio de que ese magnate podía ter o galego-portugués como lingua vehicular, polo menos no seu círculo vital lugués. Se for doutro xeito activaríase o cambio de código (cara ao castelán) por razóns de nivel social, como sucede na concambia co bispo galego García de Bamonde de 1447 (*infra*).

Da outra parte das sentenzas e fronte á sociedade representada nelas sitúase o aparato da xustiza. Nel distinguimos tres planos nos que se reflectía, con distinto grao de fidelidade, a realidade ambiental e que serviron de marco socioprofesional no que acabaría por dirimirse unilateralmente a escolla a nivel lingüístico entre o galego-portugués e o castelán. O primeiro deles é o da espacialidade ou localización da acción xudicial; o segundo é o dos xuíces de distinta condición

que presidían os actos; o terceiro é o dos notarios que recollían os actos nas súas notas e lles daban forma documental nas correspondentes cartas de sentenza.

Canto á súa localización, os cinco actos xudiciais tiveron lugar en territorio galego, catro deles na propia cidade de Lugo (C-2: «En la çibdat de Lugo», «estando en la dicha çibdat, onde disen las Cortinas de San Romao»; C-3: «En la cibdad de Lugo»; C-4: «Fecha en la çibdad de Lugo»; C-5: «Corregidor de los Reyes nuestros senores en esta çibdad de Lugo et sus jurdiçiones») e o outro na da Coruña (C-1: «Dada en a dita villa da Cruña»). Ningún deles, por tanto, tivo lugar fóra de territorio galego.

Na figura dos xuíces cómpre diferenciar dúas dimensións pola súa pertinencia na nosa liña de estudo. Dun lado está a xurisdición ou ámbito territorial das súas competencias xudiciais (galego ou non galego) e do outro está a súa identidade, na que ten especial relevancia o seu berce ou procedencia (tamén galega ou non galega). Polo súa xurisdición os xuíces das cinco sentenzas eran de asentamento exclusivamente galaico e en tres dos cinco casos tratábase dunha subxurisdición territorial e competencial menor dentro do reino de Galiza. Con competencia sobre a totalidade do territorio galego actuaron os xuíces de C-4 («guardan mayor del Rey et Reyna nuestros senores et del su Consejo, Presydenste, *Governador*, et *Justiçia Mayor* en el Reyno de Gallisya») e C-3 («vassallo de nuestro señor el Rey» / «doctor en leis» // «*regidores* por el dicho señor Rey en el Regno de Galisia»). Con competencia sobre os dominios territoriais das dioceses de Lugo e Tui actúa o xuíz de C-2 («bachiller en leyes, *alcallde* por el Rey nuestro señor en los obispados de Lugo et Tuy»). A cidade de Lugo é o ámbito competencial do xuíz actuante en C-5 («*Corregidor* de los Reyes nuestros senores en esta çibdad de Lugo et sus jurdiçiones»). Finalmente, o xuíz de C-1 ten a vila da Coruña como espazo xurisdiccional («bacheller en leys, *alcalde* de la villa de La Cruña, *jues comisario* dado por carta de comision de noso señor el Rey»).

A outra cara da moeda ocúpaa, como constituínte relevante da súa identidade particular, o lugar de nacemento, galego ou non, dos xuíces. Este é un dato que permite medir a nivel xeral o grao de ocupación destes postos clave na regulación da convivencia social por parte de persoas de procedencia foránea ou, o que vén sendo o mesmo, o grao de perda da capacidade de intervención da sociedade galega nos seus asuntos propios ou mesmo privativos. Neste sentido é ben significativo que sexan maioría as sentenzas rezadas por xuíces de procedencia foránea e que os



de orixe galega aparezan só en sentenzas do primeiro terzo do século. De Arévalo era o xuíz de C-1 (1401) («Johan Sanches de Arevalo»), de Villandrando (Palencia) o de C-4 (1447) («Pedro de Villandrando, Conde de Ribadeo») e de Asturias o de C-5 (1488) («Fernan de Perea»). Procedencia territorial galega presentaban os xuíces de C-2 e C-3. De Bóveda (Lugo) era «Juan Sanches de Bobeda» (C-2, 1403) e de Goios (A Pontenova) e Parada (Lugo?) eran «Gomes Garcia de Goyos» e «Fernand Garcia de Parada» (C-3, 1430). En resumo, o 60% das causas, todas elas entre xentes de Galiza, pasaron por mans non galegas na súa decisión final.

En relación co terceiro dos planos delimitados, o dos notarios, pódese dicir que ía en paralelo co dos xuíces no tocante á súa orixe ou procedencia. Por lóxica, na formación dos equipos ou núcleos de actuación xudicial aplicábanse os mesmos principios de captación e de establecemento de destino cos xuíces e cos notarios. E vese claramente na análise destas cinco sentenzas. Unicamente o notario de C-1 é claramente de berce galego: «Johan Domingues de *la Cruña*, escrivano del dicho señor Rey e su notario publico en la su Corte e en todos los sus regnos». En sentido contrario tampouco ofrece dúbidas a natureza foranea do notario de C-2: «Alfonso Sanches de *Çamora*, escrivano del dicho señor Rey et su notario publico en la su Corte et en todos sus Reinos et senorios». Para os documentos C-3 e C-4 non podemos determinar a procedencia dos notarios, por a fórmula notarial non conter datos suficientemente reveladores, e para C-5 tampouco o podemos facer por non figurar no documento mención expresa da identidade do notario. O CGPA non ofrece novos datos que nos permitan avanzar máis nas desexables precisións de identidade e procedencia; porén a análise da lingua destas tres sentenzas revela, na nosa opinión, que en C-3 («Fernand Sanches de Beserra, escrivano de nuestro señor el Rey et su notario publico en la su Corte et en todos los sus Regnos») e C-4 («Juan Lopes, secretario del señor Presydenste, Governador et Justicia Mayor en el Reyno de Gallisya») interviñeron notarios foráneos<sup>6</sup>, en tanto que en C-5 (anónimo) o notario é de orixe galega.

<sup>6</sup> Para C-4 parécenos claro, pois non hai nel o máis mínimo vestixio de substrato interferencial galego-portugués. En C-3, pola contra, están presentes dous casos que remiten, só aparentemente, a un notario galego. E dicimos “só aparentemente” porque eses dous galego-portuguesismos non son atribuíbles, na nosa opinión, ao notario do documento (“Fernand Sanches de Beserra”) senón ao dunha carta presentada polo demandado (Afonso de Castro), escrita moi probablemente en galego-portugués. Os dous casos referidos son estes:

- (1) tierra que *coutassen* a las macebas de los clérigos.
- (2) que *coutasse* a todos los sus subditos o vassallos de la dicha su tierra de Castoverde et Luases.

Neste último documento, de cronoloxía ben avanzada (1488), afloran algúns galego-portuguesismos evidentes que revelan a presenza dese substrato lingüístico na lingua do anónimo notario:

- a) *melloramientos*
- b) como siempre ellos et sus antecesores *fueran et avian ydo* a el et a sus antecesores
- c) que non los relevaba nyn *estojaba* de aquello que ante mi les hera demandado por parte del dicho señor Obispo
- d) que agora son et proban et moran ou *foren* et probaren et moraren en las dichas tierras et *coutos* susodichos
- e) por esta mi definitiba sentençia que *dou* en estos escriptos
- f) mill et quatrocientos et *oytenta et oyo* años

Como resumo deste rápido percurso pola densa e complexa realidade do universo xudicial, social e lingüístico contido nestas cinco sentenzas de natureza civil presentamos unha táboa na que cruzamos o eixo dicotómico «galego/foráneo» (g-G: galego-Galiza; f: foráneo), referido ás persoas, institucións e lugares intervinientes nelas, e o eixo lingüístico, igualmente dicotómico, «galego-portugués/castelán» (GP: galego-portugués; C: castelán):

		Sentenzas				
		C-1	C-2	C-3	C-4	C-5
<b>Persoas ou colectivos que acoden á xustiza civil</b>		g	g	g	g	g
<b>Aparato da Xustiza</b>	Lugar do xuízo	G	G	G	G	G
	Xuíces	f	g	g	f	f
	Notarios	g	f	f	f	g
	<b>Lingua</b>	<b>C</b>	<b>C</b>	<b>C</b>	<b>C</b>	<b>C</b>

Táboa 1. Documentación do ámbito civil.

A conclusión é que no século xv había un evidente divorcio lingüístico entre a sociedade galega, representada aquí pola sociedade aglutinada en torno á diocese de Lugo, e o aparato da xustiza encargado de resolver os seus conflitos. Mentres a sociedade era, salvo rarísimas excepcións, completamente monolingüe na oralidade e na escrita, o aparato da xustiza era, polo menos na escrita, completamente monolingüe. E non é menos evidente que, seguindo pautas uniformizadoras e gloticidas do Estado, eran os xuíces e os notarios os encarga-

dos de aplicar na práctica esta ideoloxía e de afogar moi eficazmente a presenza do galego-portugués neste ámbito e, convén repetilo, no seu propio marco xeográfico natural e orixinario.

## 2.2. Ámbito da xustiza eclesiástica

No noso corpus inclúense dúas sentenzas emanadas de xuíces eclesiásticos. Nos dous casos as partes apelante e apelada son clérigos ou colectivos clericais da diocese lucense. Cronoloxicamente sitúanse unha na primeira metade do século (E-1: 1425) e a outra na súa segunda metade (E-2: 1480). O acto da primeira ten como marco xeográfico a cidade de Lugo (“En a çidade de Lugo”) e como marco institucional a igrexa de Lugo na esfera do seu bispo (Fernando de Palacios), representado polo seu vigairo (“Juan Ruys”). Na segunda o marco xeográfico é o da cidade de Santiago (“Dada el leyda fue la dicha sentençia en la çibdat de Santiago”), cuxa igrexa, representada polo provisor “Johan Garçia de Gomara”, constitúe o seu marco institucional.

Os asuntos obxecto de litixio enfrontan clérigos a título individual ou a título colectivo e xentes do común vinculadas profesionalmente á igrexa. En E-1 senténciase a favor do cabido, representado por “Pedro Lopes, coengo et procurador do cabidoo da iglesia de Lugo”, que demandaba de “Mestre Johan, barbeyro et porteyro do cabidoo da iglesia de Lugo” o cumprimento dun contrato subscrito co cabido xuntamente coa súa muller (“Tereija Ferrnandes”) e a cuxo cumprimento non se consideraban obrigados. En E-2 senténciase en segunda instancia (a primeira resolvérase, con idéntico resultado, en Lugo) a favor de “Alfonso Garcia” no preito interposto por “Johan de Boan”, ambos “clerigos de la diocesis de Lugo”, co fin de resolver unha disputa acerca de cal dos dous estaba no dereito de recibir os beneficios da freguesía de San Cristovo de Fornas (Chantada). Do segundo “se provo [...] seer coroça, et mas aver cometido simonya en fazer egualar et partir el benefiçio por medio con los legos que lo presentaron”. En consecuencia o xuíz manda “a los feligreses del dicho benefiçio de Sant Christovoo de Fronan ayan por verdadero clerigo al dicho Alfonso Garçia et le acudan con todas las cosas pertenesçientes al dicho benefiçio”.

Pola súa condición, para todas estas persoas e colectivos é lícito, se non obrigado, supoñer unha situación de monolingüismo galego-portugués, xustificada

*supra* para o cabido da catedral de Lugo e incontestable para clérigos de baixo rango e burgueses de oficios humildes como podían ser un barbeiro ou un porteiro das dependencias capitulares.

Á realidade social xeográfica e lingüisticamente homoxénea que acabamos de esbozar para os comparecentes a xuízo, como a outra cara da moeda, contrapón o aparato da xustiza eclesiástica uns axentes que manteñen fortes distancias cos seus administrados na súa procedencia xeográfica e nos seus usos lingüísticos.

Os xuíces son en ambos os casos de procedencia foránea. O que actuaba en E-1, o asturiano “Juan Ruys”, era “bachiller en decretos, arçidiago de Grado en a iglesia d’Ovedo” e ostentaba o cargo de “vigario geeral da iglesia et obispado de Lugo”. En E-2 é o soriano “Johan Garçia de Gomara” quen exerce de provisor en Santiago do arcebispo salmantino Alonso de Fonseca II, na súa condición de “bachiller en decretos, thesorero et canonigo en la Santa iglesia de Santiago, provisor ofiçial general en lo espiritual et temporal de la dicha santa yglesia, çibdat et arçobispado de Santiago por el muy reverendo in Christo padre et señor don Alfonso de Fonseca por la miseraçion divina, Arçobispo del dicho arçobispado”.

Os notarios que interveñen na formalización documental das sentenzas presentan distinto perfil pola procedencia xeográfica e esta diferenza tradúcese a nivel lingüístico nunha escolla de código distinta. En E-1 o notario é “Pedro Fernandes de Silvarrey”, seguramente orixinario dese lugar do actual concello lugués de Outeiro de Rei. Todos os documentos seus que comparecen na nosa colección documental da catedral de Lugo están redactados en galego-portugués: 38 para o cabido e 2 para o bispo (Fernando de Palacios). En E-2 non se indica a identidade do notario, aínda que a análise da lingua do documento, exenta de calquera indicio de interferencia do galego-portugués<sup>7</sup>, revela claramente a súa orixe foránea, algo que non debe sorprender se se pensa que á fronte do arcebisado estaba o bispo salmantino que culminou a erradicación do galego-portu-

---

<sup>7</sup> Pódese apreciar a pureza do seu castelán no emprego de voces de alta frecuencia, como os nomes dos días da semana ou os numerais cardinais, nas que, de haber un fondo lingüístico galego-portugués, era fácil que se infiltrase a forma autóctona. Tamén se nota ese fondo lingüístico castelán na fuxida consciente da enxebreza lingüística na toponimia, que é castelanizada sen contemplacións:

Dada et leyda fue la dicha sentençia en la çibdat de Santiago por el dicho señor provisor seyendo sentado en audiencia publica en logar de judgar dentro en sus casas de morada que son en la *rua Nueva* de la dicha çibdat, dia *viernes*, audiencia de la vispera, veynte et quatro dias del mes de março, ano del nasçimiento de nuestro señor Jhesu Christo de mill et *quatroçientos et ochenta* anos.

gués na documentación da súa arquidiocese e que, moi probablemente, o levou a Santiago formando parte do seu séquito.

Presentamos agora nunha táboa un resumo da dobre realidade social e lingüística que representan, no universo da xestión da xustiza eclesiástica, os que acoden a ela e os que a formalizan nos planos xurídico (xuíces) e documental (notarios):

		Sentenzas	
		E-1	E-2
<b>Persoas ou colectivos que acoden á xustiza eclesiástica</b>		g	g
<b>Aparato da Xustiza</b>	Lugar do xuízo	G	G
	Xuíces	f	f
	Notarios	g	f
	<b>Lingua</b>	<b>GP</b>	<b>C</b>

Táboa 2. Documentación do ámbito eclesiástico.

Á vista destes dous únicos casos non é posible tirar conclusións sociolingüísticas de alcance xeral. Porén parece evidente que os notarios, e talvez os xuíces, actuaban dentro dunhas coordenadas de plurilingüismo e non exclusión do galego-portugués, seguramente propiciadas polo carácter intragalaico do espazo competencial na súa actuación. Sen contar con información proveniente dun número moito maior de casos pouco máis poderemos facer que afirmacións particularizadas e *ad hoc* como que o emprego do galego-portugués en E-1 se explica por ser dunha cronoloxía recuada no século xv e dunha diocese na que a chegada do impulso da substitución lingüística foi máis demorado que noutras (arqui)dioceses, como a de Santiago, máis expostas ao influxo das tendencias sociolingüísticas externas.

Contrariamente, a tardía cronoloxía de E-2, unida ao talante dun arcebispo tan empeñado no alleamento das estruturas autóctonas da súa arquidiocese como Alonso de Fonseca II, foron causa dabondo para que o documento só puidese ser redactado en castelán.

### 3. A MODO DE CONCLUSIÓN

Aínda que non ten moito sentido tratar de chegar a unhas conclusións partindo dun elenco tan reducido de documentos, cremos que esta primeira e superficial aproximación aos usos de galego-portugués e castelán na lingua escrita do apar-

to da xustiza permítenos afirmar que o proceso castelanizador se produciu moito máis lentamente na administración eclesiástica que na civil. Nesta última parece plenamente consumada a substitución nos albores do século xv, do que non temos, no corpus estudado, nin un só caso de sentenza en galego-portugués. Máis lento e demorado debeu de ser o proceso na administración eclesiástica, pois unha das dúas sentenzas deste ámbito, e case no ecuador do século, está redactada en galego-portugués.

Entre outras causas de menor entidade, das que non nos podemos ocupar aquí, apuntamos como a máis importante o distinto marco xeográfico e competencial dunha e outra administración. O carácter intragalaico das áreas competenciais dos organismos da administración da xustiza eclesiástica e a tardía verificación da centralización da igrexa no conxunto do Estado favoreceron durante un longo período unha dinámica pouco exposta a influencias externas e unha maior proximidade á realidade lingüística da sociedade, traducidas no mantemento da funcionalidade e do uso da lingua propia. Pola contra, o carácter supraterritorial da Coroa e a súa asociación política e ideolóxica privativa cunha das linguas do abano das presentes nos seus reinos e territorios contribuíu decisivamente a que esa lingua, o castelán, penetrase e se instalase con forza e desde tempos moi recuados na nosa documentación xudicial.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO PEQUENO, Mercedes / Mercedes VÁZQUEZ BERTOMEU (2001): “Lingua e escritura na Compostela do século xv”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVIII, 114, pp. 115-129.
- CABANA OUTEIRO, Alexandra (2006): “A lingua que veu de fóra. A creba do galego no 1500”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 9, pp. 69-83.
- CGPA - XAVIER VARELA BARREIRO / María Francisca XAVIER (2015-): *Corpus informatizado Galego Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Lisboa: Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa.
- CAL PARDO, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo*. Transcrición íntegra dos documentos. Santiago: Consello da Cultura Galega (*apud* CGPA).
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2010): “Lingua e poder político na Galiza e en Portugal durante a Baixa Idade Media”, en M. A. Tavares / Laura Tato (eds.): *Estudos Galego-Brasileiros 4. Lingua, Literatura, Identidade*. A Coruña: Universidade da Coruña, pp. 151-181.
- GARCÍA CONDE, Antonio / Amador LÓPEZ VALCÁRCEL (1991): *Episcopologio lucense*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.

- GARCÍA ORO, José (1981): *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- LORENZO, Ramón (2004): “Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)”, en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional, 16-20 de setembro de 1996*. Vol. III. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, pp. 27-153.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estudo linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica (*apud* CGPA).
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MONTEAGUDO, Henrique (1985): “Aspectos sociolingüísticos do uso do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia”, *Revista de Administración Galega*, 1, pp. 85-108.
- MONTEAGUDO, Henrique (1994): “Aspectos sociolingüísticos do uso escrito do galego, o castelán e o latín na Galicia tardomedieval (ss. XIII-XV)”, en Elvira Fidalgo / Pilar Lorenzo (eds.): *Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, pp. 169-185.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- PORTELA, María José (ed.) (2005): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (*apud* CGPA).
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (2000): *Los señores de Galicia. Tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. 2 tomos. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PORTELA, María José (ed.) (2007): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*. 2 vols. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (*apud* CGPA).

## ANEXO I (ÁMBITO CIVIL)

<p><b>C1</b> 1401 (896)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza contra os vasalos do bispo en que se manda que paguen cada ano por razón de vasalaxe un porco cebado e capóns cada labrador polo Nadal; dous cabritos pola Pascua de Resurrección e un cesto de ovos; un carneiro por San Xoán e un carro de leña e outro de palla cada foreiro e cada un que veña a vendelo á praza de Lugo”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Johan Sanches de Arevalo”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bacheller en leys, alcalde de la villa de La Cruña, juez comisario dado por carta de comision de noso señor el Rey”</p> <p>NOTARIO: “Johan Domingues de la Cruña, escrivano del dicho señor Rey e su notario publico en la su Corte e en todos los sus regnos”</p> <p>LUGAR: A Coruña</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “don Lopo, el Obispo de Lugo, de la una parte” (1390-1403) / “os moradores e pobladores dos coutos de Lugo deste cabo el agoa, de la otra parte”</p>
<p><b>C2</b> 1403 (902)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza dictada polo alcalde, Xoán Sánchez, sobre a morte do bispo don Lopo”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Juan Sanches de Bobeda”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bachiller en leyes, alcallde por el Rey nuestro senor en los obispados de Lugo et Tuy”</p> <p>NOTARIO: “Alfonso Sanches de Çamora, escrivano del dicho señor Rey et su notario publico en la su Corte et en todos sus Reinos et senorios”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “Rodrigo Olives, et Rodrigo Chavra, et Gomes Peres, alfayate, et Afonso de Pollido, et Rodrigo de la Carreira, et Arias Nunes, correeyro, et Afonso de Robra, et Pedro de Robra, et Afonso Peres de Ramamadera et su fijo, et Fernant Afonso, yerno de Juan Rodrigues, mercador, et Pedro Alvares, omes del juez, et Fernant Luengo, pelliteyro, et Ruy Corton, et Ruy Fernandes, yerno de Fernant Çarrellas, que fueron ayudadores et defensores et partiçipes de la muerte del dicho señor Obispo con los principales feridores et matadores” (bispo: Lopo de Salceda [1390-1403])</p>
<p><b>C3</b> 1430 (1028)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza revogatoria de certos mandamentos de don Afonso de Castro”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Gomes Garcia de Goyos” / “Fernand Garcia de Parada”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “vassallo de nuestro señor el Rey” / “doctor en leis” // “regidores por el dicho señor Rey en el Regno de Galisia”</p> <p>NOTARIO: “Fernand Sanches de Beserra, escrivano de nuestro señor el Rey et su notario publico en la su Corte et en todos los sus Regnos”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “Obispo et canonigos et beneficiados da la dicha yglesia de Lugo” (bispo: Fernando de Palacios [1418-1434]) / “don Alfonso de Castro” (Señor de Castroverde e Luaces)</p>



<p><b>C4</b> 1477 (1244)</p>	<p>REXESTO: “O gobernador do Reino de Galiza dicta sentenza favorable aos habitantes do Couto de Constante declarándoos exentos do pago de tributos”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Pedro de Villandrando (Palencia), Conde de Ribadeo”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “guardan mayor del Rey et Reyna nuestros senores et del su Consejo, Presy dente, Governador, et Justiçia Mayor en el Reyno de Gallisya”</p> <p>NOTARIO: “Juan Lopes, secretario del senor Presy dente, Governador et Justiçia Mayor en el Reyno de Gallisya”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “todos los pobladores et moradores del dicho coto de Costante”</p>
<p><b>C5</b> 1488 (1372)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza do correxedor de Lugo pola que lles ordena aos «arroqueiros» que fagan os seus animais cada ano o transporte do viño para o bispo, quedando este obrigado a proveelos de orxo, viño e vianda”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Fernan de Perea”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “Corregidor de los Reyes nuestros senores en esta çibdad de Lugo et sus jurdiçiones”</p> <p>NOTARIO: Anónimo</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “señor Obispo de Lugo” (Alfonso Enríquez de Lemos [1476-1495]) / “vezinos et moradores en sus Cotos de Mera, Fargoos et Servian et Camara et Saa et Santalla et Coutos et tierra de Pallares”</p>

## ANEXO II (ÁMBITO ECLESIAÍSTICO)

<p><b>E1</b> 1425 (1000)</p>	<p>REXESTO: “Sentenza do vigairo, don Xoán Ruíz, ordenando que se cumpra o contrato subscrito entre o Cabido e o Mestre Xoán”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Juan Ruys”</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bachiller en decretos, arçidiago de Grado en a iglesia d’Ovedo, vigario geeral da iglesia et obispado de Lugo” (bispo: Fernando de Palacios [1418-1434])</p> <p>NOTARIO: “Pedro Ferrnandes de Silvarrey”</p> <p>LUGAR: Lugo</p> <p><b>LINGUA: galego-portugués</b></p> <p>DESTINATARIO: “cabidoo da iglesia de Lugo” / “Mestre Johan, barbeyro et porteyro do cabidoo da iglesia de Lugo”</p>
<p><b>E2</b> 1480 (1329)</p>	<p>REXESTO: “Xoán García de Gomara, tesoureiro e provisor de Santiago, libra sentenza en grao de apelación no preito que houbo entre os clérigos de Lugo Xoán de Boán e Afonso García. Aquel confirma a sentenza dada en primeira instancia polo bispo de Lugo, establecendo que os fregueses do beneficio de San Cristovo de Fornas teñan como clérigo a Afonso García e condenando a Xoán de Boán ao pago das custas”.</p> <p>IDENTIDADE XUÍZ: “Johan Garçia de Gomara” (Soria)</p> <p>CATEGORÍA XUÍZ: “bachiller en decretos, thesorero et canonigo en la Santa iglesia de Santiago, provisor ofiçial general en lo espiritual et tenporal de la dicha santa yglesia, çibdat et arçobispado de Santiago por el muy reverendo in Christo padre et senior don Alfonso de Fonseca por la miseraçion divina, Arçobispo del dicho arçobispado”</p> <p>NOTARIO: Anónimo</p> <p>LUGAR: Santiago</p> <p><b>LINGUA: castelán</b></p> <p>DESTINATARIO: “de la una Johan de Boan parte apelante, et de la otra Alfonso Garcia parte apelada, clerigos de la diocesis de Lugo”</p>